

**PROGRAMA FORMATIVO CON ACREDITACIÓN RTTP
PARA PERSOAL DE XESTIÓN DE TRANSFERENCIA**

Curso-taller presencial:

PREPARACIÓN DE PROXECTOS PARA PROGRAMAS DE PROBA DE CONCEPTO (PDC)

 **Data:**

Luns 27 e martes 28 de novembro de 2023

 **Horario:**

O 27 de novembro, de 09:45 a 14:30 h e de 15:30 a 18:00 h, e
o 28 de novembro, de 9:00 a 14:30 h e de 15:30 a 18:00 h

 **Lugar de celebración:**

Escola Galega de Administración Pública (EGAP), aula nº 2 (planta baixa)
Polígono das Fontiñas, Rúa de Madrid, 2-4 15707 Santiago de Compostela

Organiza

Axencia Galega de Innovación da Xunta de Galicia
en colaboración coa Fundación Barrié

Contido

Unha das fases fundamentais do proceso de valorización dun resultado de investigación consiste en demostrar a súa viabilidade técnica e de negocio, especialmente complicada para os centros xeradores de coñecemento debido á necesidade de actuar nas fases temperás do seu desenvolvemento. Diversos programas e iniciativas de financiamento de Probas de Concepto (PdC), tanto públicos como privados, ofrecen a oportunidade de apoiar os traballos encamiñados a achegar os coñecementos ou tecnoloxías xeradas en organismos de investigación a fases máis próximas á súa explotación comercial. O curso ten como obxectivo axudar a preparar solicitudes de éxito, adaptadas aos requirimentos e ás características dos ámbitos científico-tecnolóxicos nos que se sitúan os proxectos.

Axenda

Luns 27 de novembro:

- A Proba de Concepto no contexto do proceso de valorización
- Caso práctico: preparación dunha solicitude a un programa público de Proba de Concepto

Martes 28 de novembro:

- Caso práctico: preparación dunha solicitude ao programa Caixaimpulse Validate
- Outros programas e convocatorias para proxectos de Proba de Concepto
- Da ciencia ao impacto: algunhas claves nos primeiros pasos

Horario

- **27 de novembro:** de 09:45 a 14:30 h e de 15:30 a 18:00 h
- **28 de novembro:** de 9:00 a 14:30 h e de 15:30 a 18:00 h

Número de prazas

- 30

Acreditación e certificación

- Este curso está acreditado por *Alliance of Technology Transfer Professionals (ATTP)* e proporciona 14 puntos para a obtención da acreditación *Registered Technology Transfer Professional (RTTP)*

Contacto

- 981 957 012
- programacion.centros.gain@xunta.gal

Inscripción

- Ata o día 20 de novembro ás 14.00 h a través do formulario dispoñible na web do programa



Biografías das persoas formadoras

Imparte **REDTRANSFER** 



Constantino Martínez

É Licenciado en Ciencias Económicas pola Universidade Autónoma de Madrid e máster en Análise e Xestión da Ciencia e a Tecnoloxía pola Universidade Carlos III de Madrid. Realiza labores de investigación en diversos proxectos -Universidade Carlos III de Madrid e Parlamento Europeo- antes de dedicarse á xestión da I+D+i no ámbito académico, no que acumula máis de 10 anos de experiencia -Universidade Carlos III de Madrid e Universidade de Navarra-. Desde 2004 a 2013 dirixe a secretaría técnica de RedOTRI-Universidades. Durante dous anos exerce de colaborador científico- técnico do Ministerio de Ciencia e Innovación no deseño e xestión de programas de axudas a OTRI. Actualmente é socio de GoodPoint Consulting e Director Executivo de RedTransfer.



Juan Antonio Muñoz Orellana

Licenciado en Matemáticas, Diplomado en Estatística e Máster en Estudos da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación RTTP. Acreditado para exercer como Axente Español da Propiedade Industrial. Comezou a súa carreira profesional en transferencia de coñecemento en 2003 cando se incorporou á OTRI da Universidade de Granada onde é responsable de xestionar os dereitos de propiedade industrial e intelectual asociados á actividade investigadora, realizar tarefas de valorización de I+D e negociación de acordos de transferencia. Tamén ten experiencia en xestión de proxectos, promoción tecnolóxica e apoio á creación de *spin-offs*.

Desde 2006 colabora habitualmente no desenvolvemento de plans de formación para profesionais de transferencia de coñecemento e imparte conferencias, cursos e seminarios sobre propiedade industrial e intelectual, valorización e xestión do coñecemento. Actualmente imparte docencia sobre transferencia de coñecemento en varios graos, másteres e diplomas universitarios, e é o responsable da Comisión Executiva de RedTransfer para temas de formación.





Javier Etxabe

Dr. en Medicina e Cirurxía Xeral e Master de Xestión de C+T. Na actualidade e desde 2012 é responsable da Unidade de Protección de Resultados e Promoción de EBTs, e desde xuño de 2001 ata esa data foi responsable da Unidade de Comercialización da VATC, iniciando a súa carreira en transferencia como técnico de transferencia en biomedicina en 1997 nesa VACTC. Durante este período de tempo foi responsable directo dun grupo de 20-25 técnicos de transferencia de tecnoloxía implicados, atendendo aos períodos indicados, no asesoramento, negociación e redacción de contratos asesoramento, servizo técnico, contratos de I+D e de licenza de dereitos explotación con empresas, así como responsable da avaliación, redacción, solicitude e xestión títulos de propiedade industrial e intelectual do CSIC, principalmente de patentes tanto nacionais como internacionais e, igualmente, do apoio á creación das empresas de bases tecnolóxicas (EBTs ou *Spin-offs*) do CSIC.



Pablo Hervás

Biólogo pola Universidade Complutense de Madrid e Máster en Biotecnoloxía (*Aliter International Business School*) é, desde setembro de 2020, subdirector de Transferencia de Tecnoloxía da OTT-SSPA onde lidera a definición, coordinación e xestión estratéxica de accións no ámbito da innovación, transferencia de tecnoloxía e emprendemento no Servizo Andaluz de Saúde. Acumula unha experiencia de máis de 12 anos en desenvolvemento de negocio, transferencia de tecnoloxía e propiedade intelectual, tanto no ámbito público como no privado. Durante 5 anos traballou nos Departamentos de Desenvolvemento de Negocio e Propiedade Industrial e Intelectual da empresa biofarmacéutica Noscira (Grupo Zeltia- Pharmamar), onde, entre outras funcións, xestionou os procesos de *out-licencing* de compostos en desenvolvemento clínico. En 2013 incorporouse á Fundación Pública Andaluza para a Xestión da Investigación en Saúde de Sevilla (FISEVI) como responsable de Transferencia de Tecnoloxía ata 2020, formando parte da Oficina de Transferencia de Tecnoloxía do Sistema Sanitario Público de Andalucía (OTT-SSPA). Ademais, desde 2019 é colaborador docente no Máster de Investigación Biomédica da Universidade de Sevilla. Como resultado da súa traxectoria na OTT-SSPA, colaborou na presentación de máis de 350 solicitudes de patentes/dereitos de autor, xestionado máis de 160 acordos de colaboración e 50 de licenza coa industria, recadado máis de 13 millóns de euros en colaboracións público-privadas e 3 millóns de euros en convocatorias específicas de innovación e transferencia tecnolóxica, e deu apoio á creación de varias *spin-offs*.



Pepa Limieres

Doutora en Ciencias Físicas, con vinte anos de experiencia en xestión da ciencia e a innovación. Desde 2007, forma parte da Fundación Botín, onde é responsable da área de Ciencia, e directora do Programa *Mind the Gap* desde o seu inicio en 2011. *Mind the Gap* é un programa de Proba de Concepto que inviste en proxectos empresariais baseados en ciencias da vida e a saúde orixinados en institucións investigadoras españolas. Previamente, foi responsable dos programas europeos de nanotecnoloxía da Fundación Europea da Ciencia (Estrasburgo), e xestora científica de programas europeos nas áreas de física, química e materiais do Consello Superior de Investigacións Científicas. Tamén traballou en consultoría da innovación e a transferencia tecnolóxica. Antes de dedicarse á xestión, desenvolveu a súa actividade investigadora durante oito anos no campo dos materiais, a óptica e a biofísica.

